



O Colexio de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) entregoulle onte á noite ao enxeñeiro galego a súa máxima distinción dos 'Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información' 2026

## **Miguel Santos, director de Tecnoloxía de MasOrange, 'Enxeñeiro do ano' 2026**

- *O xurado valorou a traxectoria profesional do galego Miguel Santos e o seu papel clave na transformación, integración e expansión das infraestruturas e servizos de conectividade en España.*
- *Dende 2024 Santos é o máximo responsable de Tecnoloxía (CTO) de MasOrange –grupo da galega R–, onde lidera as áreas de Rede, Sistemas, Data, Operacións e Ciberseguridade e xestiona un equipo de 1.300 profesionais.*
- *O galardado xa foi elixido CTO do ano en 2023 pola revista internacional de referencia 'Mobile Europe', en recoñecemento á innovación no seu traballo, sempre aliñada coa estratexia e o negocio.*

**Sábado, 30 de maio de 2026.**– Miguel Santos Fernández (Betanzos, A Coruña), director de Tecnoloxía (CTO) de MasOrange –grupo da galega R– foi elixido nos 'Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información' *Enxeñeiro do ano 2026*, máxima distinción que anualmente outorga o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (COETG) para recoñecer o labor e a traxectoria dun/ha profesional neste campo.

Santos recibiu o premio a pasada noite no Museo de *La Voz de Galicia* da Coruña durante a XXX 'Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información' do COETG, principal encontro anual do sector en Galicia.

### **Impulsor da innovación e servizos de conectividade**

Para a concesión do premio a Miguel Santos, o xurado –composto por profesionais do sector– valorou a súa “*brillante traxectoria profesional no eido das telecomunicacións e, moi especialmente, o orgullo de recoñecer nun compañeiro de profesión alguén que soubo levar tan lonxe os valores da Enxeñaría*”.

Santos tamén foi distinguido, explican dende o COETG, “*polo seu papel clave liderando a transformación, integración e expansión das infraestruturas e servizos de conectividade en España*” e o seu pulo á innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, especialmente no campo das redes de nova xeración e os sistemas nativos en *cloud*. A visión, compromiso e capacidade para facer proxectos de grande impacto, engaden dende o Colexio, converten a Miguel Santos nun “*referente indiscutible para todo o sector*”.



Dende abril de 2024 Miguel Santos é o máximo responsable de Tecnoloxía (CTO\_ *Chief Technology Officer*) de MasOrange. Como líder da área tecnolóxica encabeza as unidades de Rede, Sistemas, Data, Operacións e Ciberseguridade, forma parte do comité executivo da compañía e xestiona un equipo de arredor de 1300 persoas.

### **Equipazos, espírito de *start-up* e orientación ao cliente**

Na súa intervención após recibir o premio Miguel Santos definiuse, por riba de todo, coma enxeñeiro e coma galego; e salientou a importancia dos seus equipos ao longo da súa traxectoria profesional: “*Considérome afortunado porque, sen dúbida, contei e conto con verdadeiros equipazos que están detrás –e diante– deste premio. Sen a súa profesionalidade tería sido imposible percorrer o camiño*”.

Tamén fixo referencia ao seu vínculo permanente con Galicia, sobre todo colaborando ou traballando directamente con **R** e as marcas do norte nos grupos MASMOVIL, primeiro, e MasOrange, na actualidade. “*Foron anos intensos e coído que pagou moitísimo a pena*”, asegurou. “*Mirando cara adiante, o futuro promete cando formas parte de MasOrange, o maior operador de telecomunicacións de España por número de clientes (...) En España xa cubrimos co 5G máis do 93% da poboación e conectamos 5.200 municipios. Moitos deles, por certo, están a lograr superar así a fenda dixital e dispor das telecomunicacións máis avanzadas, ao nivel das grandes cidades*”.

Para Santos as claves do éxito radican, por unha banda, en manter vivo o espírito de *start-up* innovando día a día, cun modelo de negocio escalable; e, pola outra, en ficar sempre orientados ao cliente: “*Porque no centro de todo seguen estando as persoas e as telecomunicacións deben pórse ao seu servizo*”.

En 2023 Miguel Santos foi tamén elixido **CTO Awards of the Year** (CTO do ano) pola revista internacional de referencia *Mobile Europe*, en recoñecemento á innovación no seu traballo, sempre aliñada coa estratexia e o negocio. O equipo de Santos deu integrado entón máis de nove marcas coas súas respectivas redes e sistemas e xestionou acordos con máis de cinco operadores diferentes.

O enxeñeiro galego recibe o galardón de *Enxeñeiro do ano 2026* do COETG cando se cumpren 30 edicións da primeira ‘Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da información’, desta volta baixo o lema “Defensa invisible” para destacar o papel esencial —e moitas veces descoñecido— que desempeñan as telecomunicacións na defensa e seguridade dun país.

En 2006 o primeiro director de **R**, Arturo Dopico, obtivo tamén esta distinción singular do COETG; e en 2024 o galardoado foi Alfredo Ramos, actual director de MasOrange en Galicia e de **R**, marca de referencia do grupo na comunidade.

**ANEXO.- Currículo Miguel Santos**

**comunicación R**  
[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)  
[R.gal](http://R.gal)

## Miguel Santos Fernández



Miguel Santos Fernández (Betanzos, A Coruña) é Enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo e conta cunha sólida formación directiva (Executive MBA Internacional pola EOI + Manchester Business School e MBA en Dirección Xeral pola Universidade da Coruña).

Dende abril de 2024 é o máximo responsable de Tecnoloxía (*CTO\_Chief Technology Officer*) de MasOrange, que nace logo da unión de Orange España e o Grupo MASMOVIL. Como líder da área tecnolóxica encabeza as unidades de Rede, Sistemas, Data, Operacións e Ciberseguridade, forma parte do comité executivo da compañía e xestiona un equipo dunhas 1.300 persoas.

Entre 2016 e 2023 desenvolveu a súa carreira no Grupo MASMOVIL, onde foi nomeado CTO en marzo de 2018 e dirixiu a estratexia de transformación tecnolóxica do grupo, centrándose na rede fixa e rede móbil, os sistemas de tecnoloxías da información e operacións.

Entre 1995 e 2015 a súa traxectoria profesional desenvólvese en Vodafone, onde ocupou diversos postos directivos (director de Rede fixa e TV, director de IT ou director de Planificación Tecnolóxica, entre outros), liderando grandes proxectos de integración, despregadura de redes avanzadas de última xeración e transformación tecnolóxica. Miguel Santos iniciou a súa carreira profesional en Citroën Hispania entre 1993 e 1995, onde exerceu como responsable de Mantemento de montaxe e Técnico de instalacións.

En 2023 foi elixido CTO do ano (CTO “Awards of the Year”) pola revista internacional de referencia ‘Mobile Europe’, en recoñecemento á innovación no seu traballo, sempre aliñada coa estratexia e o negocio.